

**ACTA DA SESIÓN ORDINARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO CONCELLO DE
RIBEIRA O DÍA 21 DE ABRIL DO 2022.**

ASISTENTES:

Presidente: RUIZ RIVAS MANUEL SANTOS Membros que asisten: SAMPEDRO FERNANDEZ MARIA JOSE PEREZ OUTEIRAL MANUEL EMILIO DOVAL SAMPEDRO RAMON JOSE BARREIRO REGO ANA ISABEL REIRIZ LAMPON VICTOR BRION SANTAMARIA JUANA MARIA SAMPEDRO AGEITOS JAVIER VENTURA	Interventor: BAO CASTRO PABLO Secretario Xeral: SALGUERO DEL VALLE JUAN MANUEL Membros que non asisten: -----
--	--

No Salón de Sesións da Casa do Concello de Ribeira, sendo as 09:30 do día Vinte e un de Abril do Dous mil vinte e dous, reúnen os señores/as que se relacionan para celebrar, en primeira convocatoria, sesión Ordinaria da Xunta de Goberno Local.

Declarada aberta a sesión pola Presidencia, pásase ao exame, deliberación e votación das propostas incluídas na orde do día desta sesión, adoptándose, por delegación da Alcaldía efectuada mediante Decreto 1 de xullo de 2015, os seguintes acordos:

1.- APROBACIÓN DAS ACTAS DE SESIÓNS ANTERIORES

Foi aprobada a acta da Xunta de Goberno Local da sesión extraordinaria celebrada na data 13/04/2022.

2.- DACIÓN DE CONTA DO DECRETO 202204/135

Dáse conta á Xunta de Goberno Local do Decreto do Alcalde, Manuel Ruiz Rivas, de data 11/04/2022 "Decreto: APROBACIÓN DO EXPEDIENTE DE CONTRATACIÓN DO SERVIZO DENOMINADO "CAMPAMENTOS DE CONCILIACIÓN DO VERÁN E NADAL CULTURAL NO CONCELLO DE RIBEIRA PARA DOUS ANOS (CORRESPONDENTES ÁS ANUALIDADES ORZAMENTARIAS 2022-2023-2024), PRORROGABLE POR DOUS PERÍODOS DE UN ANO CADA UN"



3.- DACIÓN DE CONTA DAS COMUNICACIÓNS DE OBRAS MENORES INFORMADAS FAVORABLEMENTE

Dáse conta á Xunta de Goberno Local das obras menores informadas favorablemente, segundo a seguinte relación:

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 11.04.2022:

- 2835 16.02.2022 SARA SEVILLA IGLESIAS, acondicionamiento de local para destinarlo a salón de beleza, en Avda. de Lugo, 1, baixo, Ribeira.
- 4752 15.03.2022 MANUEL MILLÁN AGRELO, reforma de local para centro de entrenamiento personal, en rúa de Lugo, 1, baixo 2, Ribeira.

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 14.04.2022:

- 1428 27.01.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometidas de saneamiento y pluviales en rúa do Carreiro, 6, Aguiño (promotor: Gerardo Fernández Susavila).
- 1429 27.01.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de saneamiento, en Xarás, nº 11, Ribeira (promotor: Fincas Mapesa, S.L.).
- 2186 07.02.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de agua, en rúa da Bouciña, nº 23, Palmeira (promotor: José Andrés Lojo Pérez).
- 2187 07.02.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de saneamiento en Frións, nº 18, Carreira (promotora: María Carmen Agrafojo Paz).
- 2282 08.02.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de agua en rúa da Garita, nº 4, Castiñeiras (promotora: María Luz Fernández Mourellos).
- 2587 11.02.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de saneamiento, en Bretal, nº 81, Olveira (promotora: Ramona Bretal Sieira).
- 2588 11.02.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometidas de saneamiento y pluviales en rúa Voluntariado, nº 24, Corrubedo (promotor: Charles Helios Vidal Manini).

COMUNICACIÓNS DE OBRA MENOR INFORMADAS FAVORABLEMENTE O 15.04.2022:

- 20938 23.11.2021 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., repotenciación de dos tramos de línea de media tensión, mediante la sustitución del actual CT Vixán, el refuerzo de un tramo de media tensión aéreo de 802,00 m., una red de media tensión subterránea de 690,00 m. de longitud y una red de baja tensión subterránea de 75,00 m. de longitud.
- 3749 02.03.2022 MARIA JOSÉ MARTÍNEZ CHOUZA, acometida de saneamiento y de agua potable en rúa das Pitas, 12-B, Corrubedo.
- 4265 08.03.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometidas de saneamiento, pluviales y agua en Frións, nº 62, Carreira (promotora: Rebeca González González).
- 4518 10.03.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de agua en Cruce do Vilar, Carreira (promotor: Manuel Sampedro Rego).
- 4811 15.03.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometidas de saneamiento y agua en Avda. de Ferrol, nº 40, Ribeira (promotora: Ana Belén de la Concepción Fernández).
- 4812 15.03.2022 VIAQUA GESTIÓN INTEGRAL DE AGUA DE GALICIA, S.A.U., acometida de agua en rúa do Norte, nº 91, Palmeira (promotora: María del Mar García Taboada).
- 6347 05.04.2022 UFD DISTRIBUCIÓN ELECTRICIDAD, S.A., modificación de la red de baja tensión en el lugar de Salmón (polígono 39; parcela 795), Oleiros.



4.- AUTORIZACIÓN PARA INSTALACIÓN TEMPORAL DUN RASTRO DE ANTIGÜIDADES – JOSÉ ANTONIO GIMÉNEZ MARTÍNEZ.

Visto o escrito presentado por **José Antonio Giménez Martínez**, de data 18/04/2022 (Registro de entrada nº 7.343), no que solicita autorización para a instalación dun rastro de antigüidades de 50 m., o día 31/07/2022, situado na Praza do Concello (Ribeira).

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda**:

- Autorizar** a **José Antonio Giménez Martínez** para a instalación dun rastro de antigüidades de 50 m., o día 31/07/2022, situado na Praza do Concello (Ribeira).
- Dar traslado deste acordo aos servizos económicos municipais (De ser o caso).
- Dar traslado deste acordo á Policía Local para o seu coñecemento.
- Notificar a presente resolución a todos os interesados, de conformidade co disposto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas.

5.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa Portugal - Ribeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 18/02/2022 (Registros de entrada nº 3.194 e 2.981), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de canalización gas natural en Rúa Portugal (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 11/04/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do fianza e aval depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de canalización gas natural en Rúa Portugal (Ribeira), polos importes de 1.360,71 € e 1.360,71 €, respectivamente.

6.- ACORDO DE DEVOLUCIÓN AVAL E FIANZA -NEDGIA GALICIA, S.A. (Rúa Escorial - Ribeira)

Vistos os escritos presentados por **Nedgia Galicia, S.A.**, de data 21/02/2022 (Registros de entrada nº 3.157 e 3.175), nos que solicita a devolución de aval e fianza depositados pola realización de obras de ampliación de rede de gas natural en Rúa Escorial, 12 (Ribeira).

Visto o informe favorable emitido ao respecto pola Enxeñeira Municipal, Uxía Landeira Pereira, de data 13/04/2022.

A XUNTA DE GOBERNO LOCAL, por unanimidade dos presentes, **ACORDA**:

Aprobar a devolución do aval e fianza depositados por **Nedgia Galicia, S.A.** pola realización de obras de ampliación de rede gas natural en Rúa Escorial, 12 (Ribeira), polos importes de 3.672,00 € e 6.120,00 €, respectivamente.



7.- VAO PERMANENTE – Ángel Antonio Vidal Regueira

Visto o escrito presentado por **Ángel Antonio Vidal Regueira**, de data 30/03/2022 (Registro de entrada nº 5.814), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Coroso, nº 28 (Palmeira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 11/04/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a Ángel Antonio Vidal Regueira**, autorización para a instalación dun sinál de vao permanente (4,00 m.), na entrada ao garaxe do inmovible situado en Rúa Coroso, nº 28 (Palmeira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

8.- VAO PERMANENTE – José Francisco Mos Filgueira

Visto o escrito presentado por **José Francisco Mos Filgueira**, de data 11/04/2022 (Registro de entrada nº 7.060), no que solicita unha praca de vao permanente para instalar na entrada ao garaxe do inmovible situado en Parte ao Río, nº 27 (Carreira).

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/04/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, **acorda:**

- a) **Conceder a José Francisco Mos Filgueira**, autorización para a instalación dun sinál de vao permanente (4,00 m.), con reforzo de pintado de liña amarela, na entrada ao garaxe do inmovible situado en Parte ao Río, nº 27 (Carreira), según o sinalado no citado informe policial.
- b) Deberá presentarse na Oficina de Atención Cidadá (OAC), sita na Casa Consistorial, co obxecto de facerlle entrega da praca de vao permanente, co correspondente número de licenza municipal, para que proceda á súa colocación en lugar visible.
- *De ser o caso, con carácter xeral e como condición de obrigado cumprimento para a concesión de vao permanente, os costes derivados do rebaixe do bordillo da beirarrúa ou a colocación/retirada dunha rampla de acceso deberán ser a costa do solicitante.*

9.- SOLICITUDE PINTADO LIÑA AMARELA –Yolanda Tudela Gacis

Visto o escrito presentado por **Yolanda Tudela Gacis**, de data 31/03/2022 (Registro de entrada nº 5.952), no que solicita un espazo libre de estacionamento de vehículos na rúa do Prado, nº 20 (Corrubedo) con fin de facilitar o traslado dunha persoa con mobilidade



reducida.

A Xunta de Goberno Local, visto o informe de data 18/04/2022 emitido en sentido favorable pola Policía Local, por unanimidade dos presentes, acorda autorizar o pintado de liña amarela dende a beirarrúa ata unila co vao permanente situado na rúa do Prado, nº 20 (Corrubedo), facilitando así o paso de persoas con mobilidade reducida, segundo o sinalado no citado informe policial.

10.- PROPOSTA DE REINTEGRO DE GASTOS DE ACOLLIDA ÁS FAMILIAS REFUXIADAS DE UCRAINA

Visto o informe co proposta de resolución da Xefa de Servizo do Departamento de Servizos Sociais Comunitarios, María Francisca Vidal Regueira, asinada pola Concelleira Delegada de Servizos Sociais, Promoción Social, Igualdade e Diversidade, Ana Isabel Barreiro Rego, de data 13/04/2022, na que expón;

"Dende a Xunta de Galicia, tras unha petición inicial de colaboración da Secretaría de Estado de Migraciones do Ministerio de Inclusión Social, Seguridad Social e Migraciones, veñen de solicitar a axuda da Fegamp e dos concellos galegos para a acollida de familias procedentes de Ucraína.

Ante a chegada de familias por distintas vías (asociación e familiares) no concello de Ribeira esta familias foron realoxadas nas vivendas que a parroquia de Santa uxia (titularidade do arzobispado) e nunha vivenda particular cedida por una veciña da localidade, foron realoxadas 6 unidades familiares con un total de 18 personas (11 adultos e 7 menores) dun total de 29 refuxiados. O resto das familias foron reubicadas cos seus respectivos familiares, en familia de acollida e aluguer.

Como a prioridade máxima era ofertar recursos habitacionais, recurreuse as vivendas previstas ao marxe das derivacións que procedan da administración do estado. Dende o concello a entidade CARITAS -Ribeira, donacions de entidades e particulares estanse a cubrir as necesidade básicas de estas familias así como o apoio de acollida e social que precisan dende a súa chegada.

Co fin colaborar co pobo Ucraíno, e facelo de xeito organizado e coordinado, propoñemos a xunta de goberno local aprobación desta proposta co fin de sufragar os gastos que se deriven do aloxamento segundo informe deste servizo.

En definitiva os gastos correntes derivados do uso das vivendas, previas facturas de gasto, así como as necesidades básicas valoradas polas/os técnicas, a cubrir íntegramente polo concello de Ribeira; detallamos os posibles conceptos:

- *Enerxía eléctrica*
- *Auga e lixo*
- *Gas I*
- *Internet*
- *Imprevistos"*

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** aprobar o contido da citada proposta, colaborando co pobo ucraniano sufragando os gastos derivados do uso das vivendas nas que se aloxan, previas facturas de gasto, así como as necesidades básicas valoradas polas/os técnicos/as municipais, a cubrir íntegramente polo concello de Ribeira (Enerxía eléctrica, auga e lixo, gas I, Internet, imprevistos,...).



11.- REMISIÓN INFORME SOBRE SOLICITUDE DE EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIBEIRA)

Visto o escrito remitido pola **Demarcación de Costas en Galicia**, de data 7 de abril de 2022 (escrito con data do 8 de abril de 2022, entrada núm. 6.907), mediante o que se solicitan informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do *Regulamento Xeral de Costas*, aprobado mediante o *Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro*, en relación cunha solicitude efectuada pola Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca nas praias de Ribeira. Acompáñase de copia da solicitude efectuada por José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, de data 16 de marzo de 2022.

A Xunta de Goberno Local, por unanimidade dos presentes, **acorda** remitir á Demarcación de Costas en Galicia o informe emitido polo Técnico Municipal de Medio Ambiente, Ignacio L. Fernández Veiga, de data 11/04/2022, que a continuación se transcribe:

“INFORME DO SERVIZO DE MEDIO AMBIENTE

CLAVE: OPC 39/03-2022
ASUNTO: EXTRACCIÓN DE AREA PARA CONSERVACIÓN DE CEBO VIVO DESTINADO A PESCA (T.M. DE RIBEIRA)

ANTECEDENTES

Escrito da Demarcación de Costas en Galicia, de data 7 de abril de 2022 (escrito con data do 8 de abril de 2022, entrada núm. 6.907), mediante o que se solicitan informe municipal ao abeiro do procedemento establecido no artigo 152 do *Regulamento Xeral de Costas*, aprobado mediante o *Real Decreto 876/2014, do 10 de outubro*, en relación cunha solicitude efectuada pola Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, para extracción de area co fin de conservación de cebo vivo para a pesca nas praias de Ribeira. Acompáñase de copia da solicitude efectuada por José Antonio Pérez Sieira, en calidade de Patrón Maior da Confraría de Pescadores “San Pedro” de Ribeira, de data 16 de marzo de 2022.

INFORME

Examinada a documentación presentada, fago as seguintes apreciacións:

- O sistema de extracción da area é manual e o realiza o armador ou algún tripulante das embarcacións relacionadas (tripulacións de 1 ou 2 persoas).
- As zonas onde se realiza a extracción, máis habitualmente, son as praias de Couso, Castiñeiras, Mosqueiros e Coroso, en función das condicións que presente a area ese día, pois ten que ser grosa e estar limpa, e nalgunhas praias esas condicións danse en baixamar.
- Na extracción non intervéñen ningún vehículo, é manual. A cantidade que precisan é de 100 a 125 Kg/mes.
- A area usada vértese ao mar.
- As localizacións onde se realizarán as extraccións de area están incluídas integramente en Dominio Público Marítimo Terrestre.

Espazos naturais protexidos e plans de conservación.

Efectuada consulta no visor de Conservación da Natureza da Consellería de Medio Ambiente, Territorio e Vivenda, estes son os resultados obtidos ao cargar as capas correspondentes a: Rede Natura 2000, Rede Galega de Espazos Protexidos e Biodiversidade para as zonas das praias obxecto de actuación:



Couso

Capa: [Plan cons. Píllara das dunas](#)

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Couso	POTENCIAL	NON	593.414516	0.611827	SI	SI

Castiñeiras

Capa: [Plan cons. Píllara das dunas](#)

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Castiñeiras	POTENCIAL	NON	1027.264113	1.274648	SI	SI

Mosqueiros

Coroso

Capa: [Plan cons. Píllara das dunas](#)

	NOME	TIPO	N2000	PERIMETRO	HECTAREAS	REPROD	INVERN
Zoom	Coroso	PRESENCIA	NON	2997.111431	11.370522	SI	NON

Non se prevé efectuar extracción en espazos naturais protexidos da Rede Galega de Espazos Protexidos.

Biodiversidade. Algunhas das praias están incluídas no ámbito de aplicación do *Plan de Conservación da Píllara das Dunas* (*Charadrius alexandrinus* L.) en Galicia.

Ao respecto das determinacións e normas previstas no Plan cómpre salientar o seguinte:

<i>Plan de conservación da píllara das dunas (Charadrius alexandrinus L.) en Galicia, aprobado mediante o Decreto 9/2014, do 23 de xaneiro</i>	
Artigo 9. Normas xerais	Observacións
1. En todos aqueles territorios de Galicia incluídos na zonificación da píllara das dunas serán de aplicación, con carácter xeral as seguintes normas:	
a) No marco de aplicación do Decreto 20/2011, do 10 de febreiro, polo que se aproba definitivamente o Plan de ordenación do litoral de Galicia, os proxectos de ordenación e restauración ambiental ou paisaxística realizaranse conforme os principios e normas establecidos neste decreto e respectarán os requirimentos ecolóxicos da píllara das dunas e a conservación do seu hábitat.	Non procede
b) Tanto os proxectos como os plans e programas comprendidos no ámbito de aplicación da Lei 21/2013, do 9 de decembro, de avaliación ambiental, cando poidan afectar o hábitat da píllara das dunas, deberán avaliar os seus efectos sobre esta especie e garantir a conservación da súa poboación.	Non procede
2. Previamente á autorización das seguintes actividades, deberá avaliarse o seu posible impacto sobre a píllara das dunas:	
a) O novo trazado ou modificación de estradas, pistas, camiños ou carreiros que poidan afectar o hábitat da píllara das dunas.	Non procede
b) Os instrumentos de planificación territorial e urbanística, así como calquera modificación deles con efectos ambientais.	Non procede
Artigo 10. Normas específicas para a área de presenza	Observacións



1. Nas zonas de presenza en período reprodutivo pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos adoptaranse medidas de xestión específicas respecto ao tránsito e acceso aos respectivos frontes de praia. Na definición destas medidas evitarase a apertura de novos accesos a áreas prioritarias e teranse en conta os accesos recomendados establecidos no anexo V.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos
2. Nas zonas de presenza en período reprodutivo non se permite a presenza de animais libres do ámbito de aplicación da Lei 1/1993, do 13 de abril, de protección de animais domésticos e salvaxes en cativeiro, e as persoas portadoras de animais atados serán responsables de que non produzan molestias ás aves.	Non procede
3. O tránsito con cabalos e a práctica do kite buggy están, así mesmo, prohibidos, salvo autorización específica do órgano competente en materia de conservación da natureza que garanta a non interferencia coa especie.	Non procede
4. A autorización por parte das administracións estatal, autonómica e local de actividades deportivas, culturais e turísticas organizadas que impliquen aglomeracións de persoas ou perturbacións non habituais na praia debe de avaliar previamente a súa posible interacción coa especie e garantir que non é afectada.	Non procede
5. Nas zonas de presenza pertencentes á rede galega de espazos naturais protexidos, con carácter xeral, non se permiten o aeromodelismo, ala delta con motor e actividades similares en todo o ciclo anual.	Non procede, os areais sinalados na solicitude non están incluídos na Rede Galega de Espazos Naturais Protexidos, e a actividade non é asimilable
6. Para a práctica do kitesurf deberánse respectar as limitacións e as canles establecidas en cada areal para montar as cometas e para a entrada e saída da auga que se establecen no anexo V. Non obstante, cando por causa de forza maior non se poida volver navegando á antedita zona ou en caso de ser necesario para salvagardar a integridade física do deportista, poderase saír da auga en calquera punto da praia. Cando a saída se produza fóra das zonas establecidas para tal fin e as condicións de marea impidan volver camiñando pola beira a máis de 60 metros do cordón dunar, a persoa deberá recoller a cometa e camiñar con ela ata a zona delimitada.	Non procede

Regulación da área de presenza: anexo V do Plan de Conservación.

Areal		Natura 2000	Reproducción	Invernada	Accesos recomendados (artigo 10.1)	Limitacións e zonas para a práctica do kitesurf (artigo 10.5)
A Coruña	Coroso		X			Utilizarse a canle definida no anexo I entre 15/marzo e 15/xullo, permitíndose utilizar toda a fronte de praia o resto do ano.



CONCLUSIÓN

A actividade prevista non é obxecto de regulación no *Plan de conservación da pillara das dunas*. O impacto da mesma é pouco significativo e, atendendo aos datos dispoñibles, non afectaría ás zonas prioritarias de conservación da especie.

No ámbito de competencias municipais, dende o punto de vista da incidencia ambiental, informo de xeito favorable a solicitude presentada aos efectos da resolución que no seu día adopte a Demarcación de Costas en Galicia, nas condicións previstas na propia solicitude ao respecto da devolución de area unha vez finalizado o uso previsto.

O presente informe contén a miña opinión, segundo o meu leal saber e entender, e que someto a calquera outra mellor formada, tendo carácter exclusivamente técnico e sen prexuízo do que se formule en calquera outro informe ou requisito que se considere necesario."

A Presidencia levanta a sesión sendo as 10:30 do mesmo día, estendéndose a presente acta da que, como secretario xeral, dou fe e certifico na data que consta na sinatura dixital que figura ao pé deste documento.



FIRMANTE - FECHA

MANUEL RUIZ RIVAS(P1507400H-CONCELLO DE RIBEIRA)-ALCALDE PRESIDENTE - 21/04/2022
JUAN MANUEL SALGUERO DEL VALLE-SECRETARIO GENERAL - 21/04/2022
serialNumber=S2833002E,CN=Sello de tiempo TS@ - @firma,OU=Secretaría General de Administración
Digital,O=Secretaría de Estado de Función Pública,C=ES - 21/04/2022 11:58:16

DOCUMENTO: 20220862369

Fecha: 21/04/2022
Hora: 11:58

CSV: 07E6000D28A100U2V9T1J0E5S8

